

# A VETERINARIA GALEGA NON DURMÍA (I) CIENCIA VETERINARIA GALEGA NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX

Durante certo tempo mantívose de xeito practicamente unánime a crenza de que o mundo agropecuario era o principal lastre para unha evolución económica acorde coa que se estaba a levar a cabo no resto do continente. Esta teoría do atraso aprazou unha análise dos cambios que se levaron a cabo na agricultura e gandería españolas durante o período comprendido entre o final do Antigo Réxime e a Guerra Civil, dando por boas estas achegas limitadas ao seu significado máis economicista e, polo tanto, sen considerar a incidencia que este proceso de cambio tivo no contexto social e as súas interaccións co resto dos procesos produtivos.

**Diego Conde Gómez**

Asociación Historia Veterinaria Galega (HISVEGA)

## INTRODUCCIÓN

Achegas como as de Simpson (1997) falan dunha “larga siesta” no ámbito da innovación tecnolóxica agrogandeira<sup>1</sup>. Isto choca de fronte coa realidade, tendo en conta que, no ámbito científico, o Estado estaba a vivir o que se dá en coñecer como a Idade de Prata da ciencia española. Científicos como Ramón y Cajal (Premio Nobel en 1906), os xenetistas José Fernández Nonídez e Antonio Zulueta, o fisiólogo August Pi i Sunyer, Nicolás Achúcarro en neurociencia ou Pío del Río Hortega en histoloxía, foron expoñentes destes procesos de renovación na ciencia española, nos cales a veterinaria non estivo á marxe, contando con personalidades como Dalmacio García Izcarra, Joaquín Ravetllat i Estech<sup>2</sup> ou Ramón Turro i Dardé.

En Galicia, o concepto do atraso está enquistado na mentalidade colectiva polo predominio da actividade primaria, en ausencia dunha actividade industrial<sup>3,4</sup>. Esta infravaloración non soamente se reduce á contextualización da renovación tecnolóxica agraria na economía global, senón que se amplía ás ciencias encargadas do devandito proceso innovador. Existen traballos acerca dos condicionantes que levaron á desaparición da Escola de Veterinaria de Santiago, que nos fan partícipes, e ás veces responsables, desa “larga siesta”, falando dunha escasa produción científica, da falta de alumnado e do baixo nivel formativo que este tiña, distanciando da realidade do agro galego. Isto impedía que a sociedade puidera valorar o seu traballo e, como consecuencia, a permanencia do centro docente en Galicia.

A ausencia de evidencia non é evidencia da súa ausencia e, como veremos a continuación, a veterinaria galega non durmía.

## CONFORMACIÓN DO ENTRAMADO INNOVADOR

Os piares do que podemos denominar como o entramado institucional da innovación agropecuaria galega establecéronse primeiramente coa creación, en 1882, da Escola de Veterinaria de Santiago, iniciativa apadriñada por Montero Ríos; era a quinta das existentes en España, despois das de Madrid, Zaragoza, Córdoba e León. Logo fundárase na Coruña a Granxa Agrícola-Experimental, en 1888. Este entramado



Pazo do Hórreo. Escola de Veterinaria de Santiago. 1915

<sup>1</sup> Simpson, J (1997). La agricultura española (1765-1965). La larga siesta. Madrid. Alianza

<sup>2</sup> Gutiérrez García, J. M. (2007) El impacto del laboratorio en la renovación de la veterinaria española, el caso Joaquín Ravetllat i Estech (1871-1923). Medicina e historia (Uriach) ; 4. : Fundación Uriach 1838, Barcelona

<sup>3</sup> Beiras Torrado, X.M. (1967) El problema del desarrollo en la Galicia rural. Galaxia. Vigo

<sup>4</sup> Beiras Torrado, X.M. (1973/81) O atraso económico de Galicia. Galaxia. Vigo. 1973/81

## En 1882 créase a Escola de Veterinaria de Santiago, iniciativa apadriñada por Montero Ríos. Era a quinta das existentes en España

completaríase anos máis tarde co establecemento en 1921 da Misión Biolóxica de Galicia, inicialmente compartindo espazo en Santiago coa Escola de Veterinaria e, tras a desaparición desta, trasladándose a Pontevedra en 1924.

Estas institucións, chamadas a xogar un importante papel no proceso de transformación e mellora agropecuaria, nacen ao amparo de intereses políticos que os instrumentan como solución á crise finisecular do agro. Inicialmente, estes centros sofren a desatención orzamentaria e institucional. Soamente en momentos puntuais, e con máis demagogia que realidades tanxibles, ofrece algún apoio a estrutura do Estado.

Así, como expresa Alvarado Albo, estes centros non pasan de ser magníficas gaiolas, pero sen ninguén que se preocupe polo alpiste<sup>5</sup>, quedándose en institucións carentes de material e persoal axeitados, pero, sobre todo, de actividades. Estas responden máis ás arelas persoais e os compromisos por levalas a cabo de directores destes centros \_coma Álvarez Muñiz e Hernández Robredo, no caso da Granxa, ou Tiburcio Alarcón, no caso da Escola de Veterinaria\_ que a unha planificación real que permitira cumprir o papel renovador, aproveitando por completo a súa potencialidade.



Rof Codina cos alumnos de Veterinaria. 1911. Medindo unha res e apreciando o grado de cebamento

Neste sentido, a Granxa da Coruña, a pesar das dificultades antes mencionadas, convértese en motor e referente das innovacións agropecuarias, de xeito especial no seu ámbito de acción nos concellos limítrofes da cidade da Coruña. Así, a Granxa incorpora á agricultura galega aquelas novidades que máis doadamente se podían adaptar a ela. As súas actividades centrábanse na procura do incremento produtivo das explotacións agrícolas galegas mediante o emprego de capital técnico (maquinaria, fertilizantes químicos, alternancia de cultivos) e, en segundo lugar, na mellora pecuaria mediante a realización de cruzamentos xenéticos, hixiene e sanidade pecuaria e mellora na alimentación baseada nos forraxes e pensos. Este traballo de experimentación vese completado coa actividade divulgativa do mesmo, mediante campos de demostración en comarcas galegas, apoio aos concursos de gando, cadeira móbil de divulgación ou a capacitación técnica da Escola de Peritos<sup>6</sup>.

## A Granxa Agrícola-Experimental fundaríase na Coruña en 1888, convertíndose en motor e referente das novidades agropecuarias

### UNHA ESCOLA APEGADA Á REALIDADE

Respecto da Escola de Veterinaria de Santiago, aínda que nos seus inicios mostra escasos indicios de actividade experimental e innovadora, si que existe unha inxenuidade por mudar esta situación, que se fará máis palpable a partir de 1914, cando se instale no Pazo do Hórreo. Traballos coma os de Abelardo Gallego, que comeza na Escola de Santiago importantes estudos sobre Histoloxía; os realizados polo catedrático de Zootecnia Pedro González y Fernández \_dentro das actividades do terceiro Concurso Rexional de Gando de 1909, que tivo lugar na Escola\_ acerca das características zoométricas das reses da raza galega, ou as primeiras experiencias de Gallastegui co millo híbrido en Galicia, fan pensar que afirmacións sobre a escasa interacción da Escola coas preocupacións do agro galego estaban lonxe da realidade.

Dende 1908, o claustro da Escola organiza dun xeito periódico excursións científicas cos alumnos de 5º curso para que, a través dunha serie de prácticas en campo, puideran completar os seus estudos. Nestas excursións procurábase que os alumnos visitaran establecementos públicos e particulares onde houbera elementos útiles dos que carecía a Escola de Santiago.

A partir de 1911, estas visitas contan coa colaboración do recién creado Corpo de Hixiene Pecuaria, establecéndose unha estreita colaboración entre o claustro da Escola e os inspectores. Ademais, nestas prácticas participan tamén os oficiais do Corpo de Veterinaria Militar da gornición da Coruña, así como veterinarios civís, dándolle un cariz completo a estas excursións, que se aproveitan para reivindicar as melloras do plan de estudo de Veterinaria.

*"Nos es muy grato expresar la importancia que representa para la clase veterinaria el ver trabajando para engrandecerla unidos por*



Alumnos do último ano da Escola de Veterinaria de Santiago, na finca do marqués de Loureda. 1911. De esquerda a dereita: Eulogio Castro Rivas, alumno; Pedro González, catedrático; Ramiro Oliveira, alumno; José Fentanes, alumno; Benito González Somoza, alumno; Jaime Fábregas, alumno; Juan Rof Codina, inspector pecuario da Coruña; o marqués de Loureda; Ramón Pérez Baselga, veterinario militar; José Gradaille, director de Prácticas Modernas; e Manuel Casal, alumno

<sup>5</sup> Prácticas Modernas nº 70, 1905

<sup>6</sup> Fernández Prieto, L. (1988) A Granxa Agrícola-Experimental da Coruña (1888-1928). Xunta de Galicia. Santiago.

una sola idea a todo el Profesorado de una Escuela, los oficiales veterinarios militares de una región, los veterinarios civiles y los inspectores de Higiene pecuaria de Galicia.

Sirva ello de ejemplo para que se comprenda por todos que ninguna dificultad podría ofrecer el que esta unión y trabajos se realizasen mediante sanción oficial como se ha propuesto en el plan más racional de reformas de la carrera que se conoce y por cuyo implantamiento debemos luchar sin tregua ni descanso”<sup>7</sup>.

En 1912, dirixidas polo catedrático de Agricultura e Zootecnia Pedro González y Fernández, as prácticas comezaron no mercado de abastos e o matadoiro do Concello de Santiago, onde durante dous meses os alumnos acudían diariamente como auxiliares na inspección de alimentos xunto co veterinario titular, José Fernández.

Durante estas prácticas, os alumnos, xunto co catedrático de Policía Sanitaria, tiveron a oportunidade de axudar a prestar servizo facultativo durante a epizootia de febre aftosa mentres durou a enfermidade. Do mesmo xeito, e baixo a dirección de Rof Codina, visitaron casos de carbunco bacteridiano nos concellos de Santiago e Conxo, para o seu diagnóstico, e axudaron na posterior vacinación das reses expostas ao contaxio.

Nestas excursións científicas dábaselles a oportunidade aos alumnos da Escola de colaborar nas diferentes actividades que levaban a cabo os profesionais veterinarios. Consta que axudaron como auxiliares nas medicións zoométricas nos concursos de gando organizados por diferentes cámaras agrícolas. Tamén visitaron a Granxa Agrícola da Coruña, onde puideron realizar prácticas de enoloxía, agricultura e barimetría, comprobando neste último caso cómo, a través de certas medicións dos perímetros das reses, pódese calcular o peso das mesmas. Mediante a visita a matadoiros e prazas de abastos simulaban a realización de inspeccións no proceso do sacrificio e faenado das reses e o posterior recoñecemento sanitario de canais e alimentos.

Estas saídas completábanse coas visitas a centros de vacinación e soroterapia, onde os estudantes podían ver cómo se obtiña a linfa de vacún; a leiterías, onde observaban os procesos de pasteurización do leite, ou a fincas particulares coma a do marqués de Loureda, en Oleiros, nas que coñecían *in situ* o funcionamento de explotacións agropecuarias dun xeito integral.

**O IMPORTANTE ERA DIVULGAR**

A veterinaria atopábase neste período nun proceso que se situaba máis alá do xenérico posicionamento a prol da modernización do rexeneracionismo. Pasaba por unha completa transformación dos piares que ata ese momento sustentaban a profesión, en ruptura coa albeitería para conseguir un recoñecemento social. Os profesionais esixían participar na toma de decisións sobre a especialización e as melloras zootécnicas e produtivas. Para iso, era crucial dotar a profesión dos medios de difusión que permitiran forxar un espírito corporativista e facerlle chegar á sociedade esa visión de modernización da profesión. A Escola de Santiago foi berce de tres publicacións profesionais que buscaban dar representatividade a esas iniciativas divulgadoras.

A primeira foi *La Veterinaria Escolar*, que naceu en decembro de 1901 por iniciativa do que foi o seu director, Juan Téllez y López, e foi o órgano oficial do Ateneo Escolar Veterinario. Cunha periodicidade mensual, constaba de 16 páxinas, sendo o número 4 o último coñecido (15 de marzo de 1902). Na súa presentación, Téllez exalta a importancia económica da gandería e láíase do escaso recoñecemento social en Galicia da profesión veterinaria, “*siendo así que puede considerarse de tanta importancia como la Medicina y mucha más que el Derecho por ejemplo, porque es evidente que sin códigos, sin leyes,*

*sin administración, sin abogados, se podría vivir (hay quien dice que se viviría mejor...), mientras que sin animales domésticos, no es posible la vida*”<sup>8</sup>. Esta publicación servía como divulgadora/promotora da crónica profesional, así como dos traballos dos socios do Ateneo, artigos de colaboración, disposicións oficiais e notas bibliográficas de libros de interese veterinario.



Cabeceiras das primeiras publicacións galegas de veterinaria

Continuadora da anterior, pero sen o carácter estudantil, aparece o 1 de xuño de 1903 a *Revista Veterinaria*, manténdose Juan Téllez como director, co apoio de Rof Codina como redactor xefe. Tamén de xeito mensual, conta entre os seus colaboradores con profesores do claustro compostelán coma Roberto Nóvoa Santos, Emilio Tejedor, Abelardo Gallego, Demetrio Galán ou Juan Díaz Villar. Nela publícanse biografías de veterinarios célebres, achegas de artigos de publicacións españolas e estranxeiras, resumos da lexislación aparecida na Gaceta e novas de interese profesional. O derradeiro número do que temos constancia é o 7, publicado en xaneiro do 1904.

**Era crucial dotar a profesión dos medios de difusión que permitiran forxar un espírito corporativista e facerlle chegar á sociedade a modernización da profesión**

En febreiro de 1919, temos constancia da publicación de *La Defensa Veterinaria*, sendo redactores da mesma Pedro González, Eduardo Respaldiza e José Marcos. A súa cabeceira rezaba que era un *Boletín quincenal fundado para estudiar los asuntos profesionales y convenientes orientaciones de la Veterinaria y defender a esta de las tendencias y procedimientos del Sr. Gordón Ordás*. Descoñecemos o contido da mesma, pero, polo titular anterior, podemos intuír a súa desconformidade coa liña progresista que Gordón Ordás intentaba inculcar na profesión.



Na casa do tratante de gando Enrique Pérez Long facendo prácticas de berimetría con cebóns do país. 1912

<sup>7</sup> Revista de Higiene y Sanidad Veterinaria. 1912. Pax 102  
<sup>8</sup> Cabo Villaverde, M (2002) Prensa agraria en Galicia. Duen de Buex. Ourense. pp 276-279